



INTRES INTENSOS

As rosas precisan das súas espiñas para protexer os seus pétalos. Recorda cando es pétalo e vas ser espiña.

IOLANDA L. GARABATOS.

Que teño que comer substituíndo a miña comida?

ESTRELA GÓMEZ.

PERCORRIDO

Saín pola porta, din dous pasos e seguía no mesmo sitio.

CELIA PARRADO.

O TEMPO

O sol abrasa cando chove.

ANTONIO F. FUENTES

Todo o bo acabou, agora chega o momento de aprender o camiño por min soa.

MERCEDES GARCÍA.

CAMBIO DE VIDA

Quizais algún teñamos que ir vivir a outro planeta.

MÓNICA CARDELLE

CHOROU

El estaba só na casa e deu en pensar. Pensaba na súa infancia, nos seus amores, no seu presente, e púxose a chorar.

MARCOS FISTEUS

O xordo foi a testemuña da conversación dos dous narcotraficantes. O que o xordo escoitou foi a proba decisiva para arrestalos.

IOLANDA L. GARABATOS.

Os seus bicos fríos e alleos acendían o meu corazón.

ISABEL G. BRAN

INSOMNIO

Onte soñei que non podía durmir.

SURIÑA VÁZQUEZ.

FALSAS TESTEMUÑAS

Cando nun momento da túa vida es interrogado por un xuíz e tes de testemuña a un cego, tes unha visión óptima do asunto. Porén, esqueces que unha testemuña cega non pode dar creto do que oíu.

ANTONIO F. FUENTES

RUTINA

Isto continuará, e seguirá pasando sempre o mesmo.

ANA VÁZQUEZ





INTRES INTENSOS



Hoxe, como cada día que ía ao ximnasio que hai a carón da miña casa, baixei as escaleiras, saín pola porta e dei uns dez pasos ao lugar ao que me dispoñía a ir. Xa dentro, vestínme adecuadamente e tratei de facer un pouco de exercicio na cinta. Aos quince minutos de cambiar varias veces de marcha, escoitei un berro e caín ao chan no medio da folla, pero cando me intentei levantar tiña unha perna mancada pola grava que había alí.

RUTH GARRIDO

Pon nas instrucións dun medicamento: "Prohibida a súa venda, manteña fóra do alcance dos nenos".

CELIA PARRADO.

Cando espertou doíalle todo, pero o que máis lle doeu foi cando mirou pola ventá e non viu a súa moto diante da casa.

MARÍA CABANAS

Sentado nunha pedra con dor de cabeza, miraba a paisaxe dun lado a outro e só podía contemplar unha aldea chea de soidade. Ao fondo había un río que daba nacemento a unha chea de cores que se deslizaban polo ceo, e ao meu arredor situábanse múltiples figuras xigantescas; as súas extremidades movidas polo aire dábanme a sensación de que me querían dicir algo. O último que recordo é que vía todo do revés.

RAQUEL SÁNCHEZ

Un bo momento é como unha tatuaxe.

DIEGO ARANGO

O único que recorda é o ataque daquel feroz número cando cursaba 4º de carreira. O seguinte, unha moza chorosa mirándoo fixamente. Seguramente se volvería namorar dela se recordase o que é amar.

ELMA BARREIRO

Nas nubes é certo que non chove.

SILVIA MOSTEIRO

Grazas a un cego que foi testemuña dun crime púidose salvar un home libre.

GUTIER PENAS

Miña nai preguntoume se fixera os deberes; dixeron que si. Esa noite custoume durmir.

ALBERTO IGLESIAS